



NORMATIVA DO XXIX CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS PONTEVEDRA 2024

MOTIVO

Disputarase na cidade de Pontevedra o Campionato Galego de Campo a Través 2024 para todos/as os/as deportistas federados/as encadrados/as nos clubs da Federación Galega de Deporte Adaptado, que cumpran coa normativa en vigor.

PARTICIPANTES

Poderán participar deportistas inscritos que estiveran federados/as no ano 2024 na Federación Galega de Deporte Adaptado.

SISTEMA DE INSCRICIÓN

A data tope de inscrición será o xoves 1 de febreiro de 2024 enviando por correo-e a secretaria@fgda.gal o impreso de inscrición onde se detallará con claridade o nº de licenza, nome e apelidos, categoría e proba.

VESTIARIOS

Dende as 09.30 horas ata as 14.00 horas estarán a disposición os vestiarios do Campo de Herba Sintética Xunqueira II.

DATA DE COMPETICIÓN

Mércores 7 de febreiro de 2024

LUGAR

Parque da Illa do Cobo (Illa das Esculturas), e entorno da Xunqueira (Pontevedra)

AVITUALLAMENTO POST-COMPETICIÓN

Todos os deportistas terán ao remate da competición avituallamento líquido e sólido (froita) na liña de meta.

SEGURIDADE

O circuío estará sinalizado axeitadamente e contará con voluntariado debidamente identificado para colaborar. A maiores a proba contará con ambulancia e servizo médico.

CATEGORÍAS

COMPETICIÓN					
CATEGORÍAS			IDADES	NIVEL	DISTANCIA
Competición	feminina	COM-15F	≤ 15 anos	Escolar	1.600 m.
	masculina	COM-15M			2.200 m.
	feminina	COM+15F	+ 15 anos*	Federado	2.200 m.
	masculina	COM+15M			3.300 m.
ADAPTADA					
CATEGORÍAS			IDADES	NIVEL	DISTANCIA
Adaptada	feminina	ADP-15F	≤ 15 anos	Escolar	1.000 m.
	masculina	ADP-15M			1.600 m.
	feminina	ADP+15F	+ 15 anos*	Federado	1.600 m.
	masculina	ADP+15M			2.200 m.
XOGO					
CATEGORÍAS			IDADES	NIVEL	DISTANCIA
Xogo	feminino	XOG-15F	≤ 15 anos	Escolar	500 m.
	masculino	XOG-15M			
	feminino	XOG+15F	+ 15 anos*	Federado	600 m.
	masculino	XOG+15M			

* nados en 2009 ou antes

HORARIO DA XORNADA DE COMPETICIÓN

09.00 h.	Apertura do estacionamento para equipos xunto ao Campo de Herba Sintética Xunqueira I.		
09.30 h.	Apertura de vestiarios no Campo de Herba Sintética Xunqueira II.		
10.00 h.	Apertura da oficina de recepción de clubs e entrega de dorsais.		
10.15 h.	Recoñecemento do circuíto.		
10.45 h.	Apertura de cámara de chamadas da primeira proba.		
11.00 h.	Saída da categorías	Xogo -15F ¹ e -15M ¹	na distancia de 500m.
11.20 h.	Saída da categoría	Xogo +15F ¹	na distancia 600 m.
11.40 h.	Saída da categoría	Xogo +15M	na distancia 600 m.
12.00 h.	Saída da categorías	ADP+15F ¹ e ADP-15M ¹	na distancia 1.600 m.
12.20 h.	Saída da categoría	ADP+15M ¹	na distancia 2.200 m.
12.40 h.	Saída da categoría	COM+15F ¹	na distancia 2.200 m.
13.00 h.	Saída da categoría	COM+15M ¹ e T38	na distancia 3.300 m.
13.30 h.	Cerimonia de premiación de todas as categorías.		
14.00 h.	Peche de vestiarios.		
14.30 h.	Peche do estacionamento reserva para equipos.		

Estes horarios poden sufrir algunha variación en función da inscrición que se teña.

¹ É obrigatorio, para os/as deportistas, acceder cando menos 15 minutos antes á “cámara de chamadas”.

